

I. E. S “ EDUARDO BLANCO AMOR”

DEPARTAMENTO DE LATÍN

PROGRAMACIÓN CURSO 2018-2019

Durante o curso 2017-2018, o Departamento de Latín do IES “Eduardo Blanco Amor” estará integrado polas seguintes persoas:

-Dña M^a del Pilar Regueira Sánchez,, que será a Xefa do Departamento. Impartirá Latín nun grupo 4^a de ESO, Latín I nun grupo de 1^o de BAC y Latín II nun grupo de 2^o de BAC. Impartirá tamén Grego.

-D Miguel Ángel Fernández García, que impartirá Cultura Clásica en dous grupos de 3^o de ESO y Latín nun grupo de 4^o de ESO. Impartirá tamén Francés.

CULTURA CLÁSICA 3º e 4º DE E. S. O (para o curso 2018-2019 non hai alumnado en 4º).

ÍNDICE:

-INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

-OBXECTIVOS DE ETAPA.

-OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA MATERIA.

-CONTIDOS.

- AS COMPETENCIAS CLAVE NA LOMCE.

-ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.

-ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR

-METODOLOXÍA E MATERIAIS CURRICULARES.

-CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE..

-PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACIÓN INICIAL

-MÍNIMOS ESIXIBLES.

-MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

-PROGRAMA DE SEGUIMIENTO DE PENDENTES.

-ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.

-PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN.

INTRODUCCIÓN:

Os fundamentos da cultura occidental e da nosa lingua teñen a súa orixe na cultura greco-romana. O coñecemento do mundo clásico é imprescindible para poder achegarse á esencia da nosa arte, crenzas, sistemas políticos, lingua, en definitiva, á nosa esencia como persoas na nosa individualidade e dimensión social.

A asignatura “Cultura Clásica” da ao alumnado a posibilidade de acceder aos coñecementos imprescindibles sobre o mundo grecolatino que lles permitan achegarse a comprender os fundamentos da nosa cultura.

A asignatura responde á necesidade de transmitir ao alumnado de xeito sistemático e ordenado a bagaxe cultural do mundo clásico e o xeito no que chegou a nós a través da historia.

Na confección da programación tivéronse en conta os seguintes aspectos:

-O carácter interdisciplinar da materia.

-A importancia de achegar ao alumnado ós textos de autores clásicos e ao estudo e coñecemento de pegadas arqueolóxicas accesibles para coñecer directamente o mundo clásico e ver a continuidade que hai entre o mundo clásico e o actual.

-O carácter optativo da asignatura e a súa oferta obrigatoria na ESO (só se pode cursar un ano).

OBXECTIVOS DA ETAPA:

-Asumir responsablemente os deberes, coñecer e exercer os dereitos no respecto cara aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos das persoas como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercizo da cidadanía democrática.

-Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

-Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles/elas.

- Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.
- Fortalecer as capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas relacións cós demais e rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos e adquirir una preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e comunicación.
- Concebir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en sí mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- Comprender e expresar correctamente na lingua ou linguas propias textos e mensaxes complexas e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
- Comprender e expresarse axeitadamente nunha ou máis linguas extranxeiras.
- Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e do medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- Aprezar a creación artística e comprender a linguaxe nas distintas manifestacións artísticas, empregando diversos medios de expresión e representación.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

-Que o alumnado posúa os coñecementos precisos para comprender a continuidade existente entre o mundo clásico e o actual e recoñecer as pegadas da civilización greco-romana na cultura occidental.

-Que o alumnado sexa consciente da multiplicidade da cultura, da relatividade de moitas convencións sociais funcionamento da propia lingua.

CONTIDOS E DISTRIBUCIÓN TEMPORAL:

CULTURA CLÁSICA 3º E 4º DA E. S. O:

-TEMA I : XEOGRAFÍA

A-GRECIA.

B-ITALIA E ROMA.

TEMA II: HISTORIA:

A-GRECIA:

1-Idade escura.

2-Época arcaica.

3-Época clásica.

4-Época helenística.

B-ROMA:

1-Monarquía.

2-República.

3-Imperio.

C-A HISPANIA ROMANA.

TEMA III: SOCIEDADE E VIDA COTIÁ:

A-AS CLASES SOCIAIS.

B-A MULLER E O MATRIMONIO.

C-A FAMILIA E A EDUCACIÓN.

D-VIDA COTIÁ.

E-ECONOMÍA.

F-FILOSOFÍA E CIENCIA.

G-DEPORTE E LECER.

TEMA IV: LINGUA E LITERATURA:

A-AS LINGUAS INDOEUROPEAS.

B-O GREGO E OS SEUS DIALECTOS.

C-O LATÍN E AS LINGUAS ROMANCES.

D-HISTORIA DA ESCRITURA.

E-PRINCIPAIS XÉNEROS LITERARIOS:

1-A épica.

2-A lírica.

3-O teatro.

4-A novela.

5-Outros xéneros (retórica e oratoria, historia, sátira, epístola).

F-LÉXICO (debido á súa extensión, repartirase ao longo do curso).

1-Prefixos e sufixos.

2-Latinismos.

TEMA V: MITOLOXÍA E RELIXIÓN:

A-MITO E MITOLOXÍA.

B-DEUSES E HEROES:

1-Deuses Olímpicos.

2-O resto do panteón divino.

3-Os heroes.

C-RASGOS PRINCIPAIS DA RELIXIÓN GRECORROMANA.

VI-ARTE CLÁSICA:

A-ARQUITECTURA:

1-A cidade.

2-O templo.

3-Arquitectura lúdica.

4-A casa.

5-Outras construcións utilitarias.

6-Arquitectura conmemorativa.

B-ESCULTURA.

C-ARTES MENORES:

1-Cerámica.

2-Pintura.

3-Mosaico.

AS COMPETENCIAS CLAVE NA LOMCE:

1-Competencia en comunicación lingüística (CCL):

Refírese á habilidade para expresar ideas e interactuar con outras persoas de xeito oral e escrito.

2-Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT):

A primeira alude ás capacidades para aplicar o razoamento matemático para resolver cuestións da vida cotiá. A competencia na ciencia centrase nas habilidades para utilizar os coñecementos e metodoloxía científicos para explicar a realidade que nos rodea., e a competencia tecnolóxica para aplicar eses coñecementos e métodos para dar resposta aos desexos e necesidades humanos.

3-Competencia dixital (CD):

Implica o uso seguro e crítico das TIC, para obter, analizar, producir e intercambiar información.

4-Aprender a aprender (CAA):

Implica que o alumnado desenvolva a súa capacidade para aprender, organizar as tarefas e o tempo e traballar de xeito individual ou colaborativo para acadar un obxectivo.

5-Competencias sociais e cívicas (CSC):

Fan referencia ás capacidades para relacionarse coas persoas e participar de xeito activo, participativo e democrático na vida social e cívica.

6-Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):

Implica as habilidades precisas para converter as ideas en actos, como a creatividade e a capacidade de asumir riscos e planificar e xestionar proxectos.

7-Conciencia e expresións culturais (CCEC):

Fai referencia á capacidade para apreciar a importancia da expresión a través da música, as artes plásticas e escénicas ou a literatura.

ACCIONES DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC:

Levaráse a cabo mediante actividades de búsqueda na Internet, proxección de diapositivas, fragmentos de películas e documentais, presentacións fotográficas e audicións musicais.

ACCIONES DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR:

Adicaráse una parte da clase á lectura e comentario de textos que teñan relación co tratado na mesma. As devanditas lecturas darán pé á realización de cuestionarios e/ou outro tipo de actividades que permitan comprobar se a atención foi a correcta. As devanditas actividades serán tidas en conta para modificar ou retocar cualificacións das distintas avaliacións e a avaliación final.

A EDUCACIÓN EN VALORES E O PLAN DE CONVIVENCIA:

Tratarase de mellorar a convivencia escolar e polo tanto evitar conflitos. Con tal fin, compe fomentar no alumnado certos valores, sobre todo a tolerancia e o respecto á diversidade, por razón de raza, sexo, relixión, ideoloxía e situación socio-económica.

Neste sentido resultarán moi útiles as lecturas de textos clásicos traducidos e o visionado de fragmentos de películas e documentais, xa que neles aparecen reflectidos moitos aspectos da historia e cultura clásicas e resulta moi útil a comparación con eses mesmos aspectos da cultura actual. As devanditas actividades propiciarán a reflexión e o debate e, en consecuencia, a concienciación por parte do alumnado do feito de que han de adoptar certos valores.

METODOLOXÍA E MATERIAIS CURRICULARES:

Non se empregará libro de texto, senón que o alumnado deberá descargar e imprimir os apuntes que o/a profesor/a colgará na Aula Virtual. Asímesmo, facilitará unha copia fotocopiabile dos devanditos apuntes a aqueles/as que non teñan ordenador e/ou conexión a Internet.

Dentro da aula compaxinaráse a lección maxistral coa realización de actividades axeitadas, baixo a supervisión do/a profesor/a. As explicacións complementaranse coa proxección de fragmentos de películas e documentais, presentación fotográfica e a lectura de textos diversos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|--|--|---------------------------|
| Localizar nun mapa os fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana (Xeografía) | Sinalar sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúan en distintos periodos as civilizacións grega e romana, delimitando o seu ámbito de influencia. | CMCCT |
| Describir os diferentes marcos xeográficos nos que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia (Xeografía) | Enumerar aspectos do marco xeográfico que poden ser determinantes no desenvolvemento das civilizacións grega e latina. | CSC |
| Identificar, describir e explicar o marco histórico no que se desenvolve as civilizacións grega e romana (Historia) | Saber enmarcar determinados feitos históricos nas civilizacións grega e romana e no período histórico correspondente. | CAA |
| Coñecer as principais características dos diferentes periodos da historia de Grecia e Roma e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos (Historia). | Elaborar eixes cronolóxicos nos que se representen fitos históricos relevantes. Situar dentro dun eixe cronolóxico o marco histórico no que se desenvolveron as civilizacións grega e romana. | CD CSC |
| Coñecer as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia (Historia). | Explicar os aspectos fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia. | CCEC |
| Coñecer as características das principais formas de goberno do mundo clásico (Sociedade e vida cotiá). | Nomear e describir os principais sistemas políticos da antigüidade clásica establecendo semellanzas e diferenzas entre eles. | CSC |

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|--|--|---------------------------|
| Coñecer as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma (Sociedade e vida cotiá) | Describir a organización social grega e romana. | CSIEE |
| Coñecer a composición da familia e os roles asignados aos seus membros (Sociedade e vida cotiá). | Identificar e explicar os papeis que desempeñan dentro da familia cada un dos seus membros. | CSC |
| Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma (Sociedade e vida cotiá). | Identificar e describir aspectos da vida cotiá en Grecia e Roma. | CD CAA |
| Coñecer as principais formas de lecer existentes na Antigüidade (Sociedade e vida cotiá). | Describir as principais formas de lecer en Grecia e Roma. | CSIEE |
| Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia clásica e as actuais (Sociedade e vida cotiá). | Explicar a orixe e natureza dos Xogos Olímpicos, comparándoos con outras festividades da época e explicando a súa pervivencia no mundo actual. | CSIEE |
| Coñecer a existencia de diversos tipos de escritura, distinguilos e comprender as súas funcións (Lingua e literatura). | Recoñecer distintos tipos de escritura. | CD |
| Coñecer a orixe do alfabeto e distinguir distintos tipos de alfabetos usados na actualidade (lingua e literatura). | Nomear e describir os trazos principais dos alfabetos. | CAA |

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|--|---------------------------|
| Coñecer a orixe do alfabeto e distinguir distintos tipos de alfabetos usados na actualidade (Lingua e literatura). | Nomear e describir os trazos principais dos alfabetos. | CAA |
| Recoñecer a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos actuais (Lingua e literatura). | Explicar a influencia dos alfabetos grego e latino na formación dos actuais. | CD |
| Coñecer a orixe común das diferentes linguas indoeuropeas (Lingua e literatura). | Enumerar e localizar nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas. | CMCCT |
| Identificar as linguas europeas romances e non romances e localizalas nun mapa (Tema IV). | Identificar as linguas que se falan en Europa e en España, diferenciando pola súa orixe romances e non romances. | CSC |
| Distinguir e identificar latinismos, prefixos e sufixos (Lingua e literatura). | Recoñecer e explicar o significado dalgúns latinismos, prefixos e sufixos. | CCL |
| Coñecer as principais características dos xéneros literarios grecolatinos e a súa influencia na literatura posterior (Lingua e literatura). | Describir as características esenciais dos xéneros literarios grecolatinos e recoñecer a súa influencia na literatura posterior. | CCEC |
| Coñecer os principais deuses da mitoloxía grecolatina (Mitoloxía). | Nomear coa súa nomenclatura grega e latina os principais deuses e héroes. | CD |
| Coñecer os mitos e héroes grecolatinos e establecer semellanzas e diferencias entre os mitos antigos e actuais (Mitoloxía). | Recoñecer a pervivencia do mítico na nosa cultura. | CCEC |

| Craterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|--|--|---------------------------|
| Coñecer e comparar as características da relixiosidade grega coas actuais (Mitoloxía). | Enumerar e explicar as características da relixión grega en relación coas actuais. | CSC |
| Explicar os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir entre a relixión oficial e os cultos privados (Mitoloxía). | Distinguir a relixión oficial de Roma dos cultos privados, explicando os trazos que lle son propios. | CSC |
| Coñecer as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cós seus modelos clásicos (Arte). | Recoñecer os trazos básicos da arte clásica nas manifestacións artísticas antigas e actuais. | CC |
| Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cós edificios máis singulares (Arte) | Recoñecer as características esenciais da arquitectura grega e romana, identificando a orde á que pertencen. | CCEC |
| Coñecer as creacións urbanísticas e a rede viaria romanas (Arte). | Describir as características, elementos e función das obras públicas romanas. | CSC |
| Coñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ó longo da Antigüidade e identificar a súa temática (Arte). | Recoñecer esculturas gregas e romanas e encadralas nun período histórico. | CCEC |
| Coñecer a cerámica, pintura e mosaico (Arte). | Recoñecer as características fundamentais da cerámica, pintura e mosaico. | CCEC |

O instrumento principal será a realización de exames periódicos. Serán dous por avaliación e de tipo test. Incluirán 24 cuestións relativas a aspectos de historia, cultura e civilización (8 puntos) e 6 cuestións relativas ao léxico (2 puntos). Realizarase un desconto de 1 punto por cada tres cuestións sen resposta e de 0,5 por cada resposta incorrecta. Para obter o aprobado será preciso que a media aritmética dos dous sexa de polo menos 5 puntos, coas seguintes limitacións:

-Non se fará media cunha cualificación inferior a 3 puntos.

-Só se pode suspender o 1º exame, sempre con 3 puntos ou máis.

-É obrigatorio aprobar o último exame de cada avaliación.

Para obter o aprobado final, a media aritmética das tres avaliacións deberá ser igual ou superior a 5 puntos, ben entendido que só se pode ter una avaliación suspensa (1ª ou 2ª). É obrigatorio aprobar a última avaliación. Pódense realizar cantas recuperacións se considere oportuno, pero en ningún caso se obterá nelas una cualificación superior a 5 puntos. En Xuño haberá una recuperación da avaliación ou avaliacións suspensas, na que non se poderá obter máis de 5.

Nas recuperacións será preciso responder correctamente a un mínimo de 18 cuestións.

Compre advertir que a cualificación final pode verse modificada en base á correcta realización das actividades que se indiquen e á actitude e esforzo amosados polo alumnado. Cada tres veces que o alumnado non realice as tarefas indicadas lle serán deducidos 0,5 puntos da nota da avaliación correspondente.

Polo que respecta ó exame de Setembro, abranguerá a totalidade da materia e poderanse obter cualificacións de 1 a 10. Para obter o aprobado abondará con responder correctamente a 15 cuestións.

O alumnado que sexa sorprendido copiando ou tratando de facelo quedará suspenso na avaliación correspondente. Asímesmo, non se realizarán exames fora de data sen xustificación médica.

Compre advertir que a falta de asistencia a clase de xeito reiterado e inxustificado fai imposible a correcta aplicación dos criterios de avaliación, polo tanto, o alumnado que supere o número máximo de faltas inxustificadas estipulado polo Centro perderá o dereito a ser avaliado de xeito ordinario. Nese caso, o devandito alumnado só poderá examinarse nas probas finais da convocatoria ordinaria ou, se é o caso, extraordinaria.

MÍNIMOS ESIXIBLES:

- Principais prefixos e sufixos de orixe grecolatina.
- Principais latinismos.
- Principais linguas e familias lingüísticas procedentes do indoeuropeo; principais linguas romances.
- Etapas da historia de Grecia e Roma.
- Institucións políticas e órganos de goberno de Grecia e Roma.
- As clases sociais en Grecia e Roma.
- A Hispania romana.
- A épica, lírica e drama en Grecia e Roma.
- A filosofía en Grecia: presocráticos, sofistas, Sócrates, Platón, Aristóteles e as escolas helenísticas.
- A relixión en Grecia e Roma; principais deuses e heroes.
- Principais manifestacións artísticas en Grecia e Roma: arquitectura, escultura, cerámica grega e pintura e mosaico romano.

PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACIÓN INICIAL:

Realizarase unha pequena proba consistente na lectura dun pequeno texto relacionado con algún aspecto do mundo clásico, seguido da resposta a unha serie de cuestións, có obxecto de valorar a capacidade de comprensión e síntese e tamén a expresión, sintaxe, ortografía, etc.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

Se procede, adoptaránse as medidas necesarias para garantir o seguemento da clase ó alumnado con necesidades educativas especiais (facilitarlles soportes informáticos e/ou adaptarlles os exames e/ou actividades).

PROGRAMA DE SEGUIMIENTO DE PENDENTES:

O alumnado coa materia pendente realizará un único exame en Abril de 2019, na data a determinar. O devandito exame versará sobre a totalidade da materia (os apuntes están a disposición dos/as interesados/as na web do Centro e na Aula Virtual) e será de tipo test cun 20% de cuestións sobre léxico e o 80% restante sobre o resto dos temas tratados no curso. Para obter o aprobado, será preciso obter una cualificación total non inferior a 5 puntos. As cualificacións poderán oscilar entre 1 e 10.

O devandito exame poderá ser substituído pola entrega de dous traballos (en Febreiro e Maio), que versarán sobre dous temas a escoller entre os impartidos durante o curso).

O alumnado que non consiga acadar o aprobado deberá realizar un examen final nas mesmas condicións que o anterior no mes de Maio, na data que determine a Xefatura de Estudos do Centro.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS:

Se procede levaranse a cabo, mesmo en colaboración con outros departamentos, visitas a museos e/ou recintos arqueolóxicos. A realización das devanditas visitas estará condicionada ao comportamento do alumnado e á dispoñibilidade de datas e profesorado acompañante, e será notificada ó Consello Escolar e a todos/as interesados/as con antelación dabondo.

INSTRUMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN:

A programación será obxecto de permanente revisión, có obxecto de poder correxir cada curso académico os aspectos que sexan mellorables.

LATÍN 4º DE E. S. O:

ÍNDICE:

-INTRODUCCIÓN.

-OBXECTIVOS DA ETAPA.

-OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA MATERIA.

-CONTIDOS E DISTRIBUCIÓN TEMPORAL.

-AS COMPETENCIAS CLAVE NA LOMCE.

-ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.

-ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.

-A EDUCACIÓN EN VALORES E O PLAN DE CONVIVENCIA.

-METODOLOXÍA E MATERIAIS CURRICULARES.

-CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.

-PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL.

-MÍNIMOS ESIXIBLES.

-MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

-PROGRAMA DE SEGUIMIENTO DE PENDENTES.

-ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.

-PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN.

INTRODUCCIÓN:

O estudo do latín en 4º da E. S. O ten carácter optativo. Tendo en conta que non todo o alumnado que curse latín en 4º o cursará no Bacharelato, compre darlle á materia un tratamento que garanta una aproximación á lingua latina ao alumnado que non ten intención de volver a cursalo pero tamén una base aceptable ao alumnado que continúe cos seus estudos de Latín.

Así, tratarase de proporcionar ao alumnado un coñecemento aceptable da morfoloxía latina e tamén unas nocións básicas de sintaxe e traducción. Asímesmo, compre proporcionar ao alumnado un panorama amplo dabondo sobre a civilización e historia de Roma, insistindo sobre todo no legado cultural.

Có obxecto de facer máis atractivo o estudo da materia, tratarase de compaxinar as explicacións tradicionais con métodos máis modernos, como poden ser lectura e traducción de cómics, pasatempos, xogos interactivos, etc.

OBXECTIVOS DA ETAPA (cf. “Cultura Clásica).

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA MATERIA:

-Que o alumnado obteña un coñecemento aceptable da morfoloxía latina, así como de nocións básicas de sintaxe e traducción de frases e textos sinxelos, aínda que de progresivo nivel de dificultade, con independencia dos seus estudos posteriores.

-Que o alumnado obteña un coñecemento aceptable do léxico latino aplicado a distintos campos do saber, así como da evolución das palabras.

-Que o alumnado adquira un coñecemento tal da civilización, historia e legado cultural de Roma que lle permita ser consciente da verdadeira importancia do mundo clásico na actualidade.

CONTIDOS E DISTRIBUCIÓN TEMPORAL:

-1ª AVALIACIÓN:

-INTRODUCCIÓN: O LATÍN, UNHA LINGUA INDOEUROPEA:

1-O indoeuropeo.

2-A historia da lingua latina:

a-A expansión do latín.

b-Latín culto e latín vulgar.

3-Historia da escritura.

4-Alfabeto e pronuncia do latín.

a-O alfabeto latino.

b-A pronuncia do latín.

5-A acentuación.

6-Os números romanos.

7-A formación do léxico nas linguas romances.

I-A HISTORIA DE ROMA.

II-HISPANIA, UNHA PROVINCIA ROMANA.

III-REGRAS DA EVOLUCIÓN DO LATÍN ÁS LINGUAS ROMANCES (I).

IV-LEXEMAS DE ORIXE LATINA (I).

V-LATINISMOS (I).

VI-O VERBO LATINO.

VII-TEMPOS DO TEMA DE INFECTUM DE INDICATIVO.

VIII-OS CASOS LATINOS; A DECLINACIÓN.

IX-A 1ª DECLINACIÓN.

X-A ORDE DAS PALABRAS NA ORACIÓN.

XI-TEMPOS DO TEMA DE PERFECTO DE INDICATIVO (I).

XII-A 2ª DECLINACIÓN.

XIII-ADXECTIVOS 2.1.2.

-2ª AVALIACIÓN:

I-AS CLASES SOCIAIS.

II-A ORGANIZACIÓN POLÍTICA.

III-O EXÉRCITO.

IV-REGRAS DA EVOLUCIÓN DO LATÍN ÁS LINGUAS ROMANCES (II).

IV-LEXEMAS DE ORIXE LATINA (II)

V-LATINISMOS (II).

VI-TEMPOS DO TEMA DE PERFECTO DE INDICATIVO (II).

VII-A 3ª DECLINACIÓN.

VIII-ADXECTIVOS DA 3ª DECLINACIÓN.

IX-PRONOMES PERSOAIS.

X-NUMERAIS.

XI-TEMPOS DO TEMA DE INFECTUM DE SUBXUNTIVO.

XII-ORACIÓNS COORDINADAS COPULATIVAS E ADVERSATIVAS.

-3ª AVALIACIÓN:

I-A RELIXIÓN.

II-A FAMILIA E A EDUCACIÓN.

III-LEGER E TEMPO LIBRE.

IV-REGRAS DA EVOLUCIÓN DO LATÍN ÁS LINGUAS ROMANCES (III).

V-LEXEMAS DE ORIXE LATINA (III)

V-LATINISMOS (III).

VI-TEMPOS DO TEMA DE PERFECTO DE SUBXUNTIVO.

VII-A 4ª DECLINACIÓN.

VIII-A 5ª DECLINACIÓN.

IX-OS PRONOMES DEMOSTRATIVOS.

X-O INFINITIVO.

XI-O PARTICIPIO.

AS COMPETENCIAS CLAVE NA LOMCE (cf. “Cultura Clásica).

ACCÍONS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC (cf. “Cultura Clásica”).

ACCÍONS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR (cf. “Cultura Clásica”).

A EDUCACIÓN EN VALORES E O PLAN DE CONVIVENCIA (cf. “Cultura Clásica”).

METODOLOXÍA E MATERIAIS CURRICULARES:

Non se empregará ningún libro de texto. Os apuntes serán subidos polo/a profesor/a á Aula Virtual e descargados polo alumnado. Aqueles/as que non teñan ordenador e/ou conexión a Internet terán á súa disposición unha copia fotocopiabile dos devanditos apuntes.

Alternarase a explicación teórica das cuestións lingüísticas coa realización de tarefas axeitadas (serán realizadas na clase baixo a supervisión do/a profesor/a e tidas en conta para a nota da avaliación) e a lectura dos textos (cuestións de literatura e historia e textos traducidos en relación con elas).

Realizaranse tamén outro tipo de actividades (lectura de cómics en latín, proxección de diapositivas, películas, documentais, etc).

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|--|---|---------------------------|
| Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua latina (O latín, orixe das linguas romances). | Sinalar sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa a civilización romana) | CMCCT |
| Coñecer a orixe das linguas faladas en España e Europa (O latín, orixe das linguas romances). | Identificar as linguas que se falan en España e Europa, distinguindo entre romances e non romances e situalas nun mapa. | CSC |
| Distinguir as principais etapas da evolución do latín (O latín, orixe das linguas romances). | Realizar un eixe cronolóxico no que se delimiten as etapas do latín. | CMCCT |
| Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos (O latín, orixe das linguas romances). | Identificar e relacionar palabras patrimoniais, semicultismos e cultismos. | |
| Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas da pronuncia en latín (Sistema da lingua latina) | Ler en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta. | CCL |
| Coñecer e aplicar as regras fundamentais da evolución fonética do latín ao galego e castelán partindo dos étimos latinos (Sistema da lingua latina). | Realizar evolucións de termos latinos ao galego e castelán. | CCL |

| Cráterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|--|---|---------------------------|
| Distinguir e clasificar distintos tipos de palabras (Morfoloxía). | Distinguir palabras variables e invariables explicando os trazos que permiten identificalas. | CAA |
| Comprender os conceptos de declinación e conxugación (Morfoloxía). | Definir os conceptos de declinación e conxugación. | CAA |
| Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente (Morfoloxía). | Declinar palabras e sintagmas aplicando o paradigma de declinación correcto. | CCL |
| Coñecer as conxugacións, encadrar os verbos dentro da súa conxugación, enuncialos e conxugalos correctamente (Morfoloxía). | Identificar as conxugacións verbais e clasificar os verbos segundo a súa conxugación a partir do enunciado. | CAA |
| Recoñecer as formas dos tempos verbais formadas a partir dos distintos temas (Morfoloxía). | Identificar correctamente os tempos derivados de cada un dos temas verbais. Traducir ao galego e castelán formas verbais latinas. | CAA CCL |
| Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración (Sintaxe). | Analizar morfosintácticamente frases e textos adaptados identificando as categorías gramaticais das palabras con flexión e explicando as súas funcións. | CMCCT |

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|--|---------------------------------|
| Coñecer os nomes e función dos casos latinos (Sintaxe). | Traducir correctamente os casos latinos presentes nas frases e textos. | CCL |
| Recoñecer as regras da concordancia no latín e a súa correspondencia co galego e castelán (Sintaxe). | Recoñecer nas frases e textos as regras da concordancia latina. | CCL |
| Recoñecer e clasificar os tipos de oracións (Sintaxe). | Comparar e clasificar os distintos tipos de oracións. | CMCCT |
| Aplicar coñecementos básicos de morfosintaxe para iniciarse na tradución (Textos). | Traducir frases e textos adaptados. | CCL |
| Recoñecer os principais prefixos, sufixos e latinismos (Léxico). | Identificar o significado dos principais prefixos, sufixos e latinismos. | CMCCT |
| Coñecer as regras básicas da evolución de palabras (Léxico) | Explicar a evolución de palabras do latín ao galego e castelán aplicando as regras da evolución. | CAA CCL |
| Coñecer os trazos fundamentais da historia, cultura e civilización romanas (Roma: historia, cultura e civilización) | Identificar e explicar diferentes aspectos da historia, cultura e civilización romanas. | CSC/CAA/CD CSIEE/CCEC/CMCCT. |

O procedemento fundamental será a realización de dous exames por trimestre, que incluírán cuestións de morfoloxía (4 puntos), léxico (1 punto), evolución de palabras (1 punto) análise e tradución (3 puntos) e sobre historia, cultura e civilización (1 punto). A nota final será a media aritmética dos devanditos exames, pero non se fará a devandita media con menos de 3 puntos, sendo, ademáis, obrigatorio aprobar o

último exame e obter una nota media igual ou superior a 5 puntos. O alumnado suspenso terá dereito a unha recuperación, pero non obterá, en ningún caso, unha cualificación superior a 5.

Ó alumnado que non realice as tarefas encomendadas na clase lle serán deducidos da nota da Avaliación correspondente 0,5 puntos por cada tres veces que non as faga.

A nota final será a media aritmética das tres avaliacións. Para obter o aprobado, a devandita media debe ser igual ou superior a 5 e hai que aprobar polo menos dúas avaliacións, sendo obrigatorio aprobar a última. Compre advertir que tanto a devandita nota final como a de cada avaliación poderá verse suxeita a retoques ou modificacións atendendo á actitude e esforzo amosados polo alumnado.

O exame de Setembro responderá ó mesmo modelo dos outros e versará sobre a totalidade da materia impartida durante o curso. A nota poderá oscilar entre 1 e 10.

O alumnado que sexa sorprendido copiando ou tratando de facelo quedará suspenso na avaliación correspondente. Asímesmo, non se realizarán exames fora de data sen xustificación médica.

Compre advertir que a falta de asistencia a clase de xeito reiterado e inxustifico fai imposible a correcta aplicación dos criterios de avaliación, polo tanto, o alumnado que supere o número máximo de faltas inxustificadas estipulado polo Centro perderá o dereito a ser avaliado de xeito ordinario. Nese caso, o devandito alumnado só poderá examinarse nas probas finais da convocatoria ordinaria ou, se é o caso, extraordinaria.

MÍNIMOS ESIXIBLES:

-As 5 declinacións. A declinación dos pronomes persoais e demostrativos. A declinación dos adxectivos 2. 1. 2.

-Conxugación completa, en indicativo e subxuntivo da voz activa dos verbos regulares. Conxugación completa de SUM.

-Análise e traducción de frases e textos sinxelos.

-Léxico: prefixos, sufixos e latinismos.

-Principais regras da evolución de palabras.

-Historia e civilización: etapas da historia de Roma, a Hispania romana, a vida cotiá, a mitoloxía e erelixión romana.

-Literatura: épica, lírica, comedia e oratoria.

PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL:

O alumnado realizará unha pequena proba consistente na resposta a unha serie de cuestións sobre morfoloxía verbal e análise sintáctico dunha serie de frases sinxelas, ambas en castelán ou galego, có obxecto de comprobar o nivel acadado en morfoloxía e sintaxe en cursos anteriores.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (cf. “Cultura Clásica”)

PROGRAMA DE SEGUIMIENTO DE PENDENTES:

Dado que a materia se cursa por 1ª vez en 4º de ESO, non hay alumnado con ela pendiente.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS (cf “Cultura Clásica”).

PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN (cf “Cultura Clásica”).

LATÍN I (1º DE BACHARELATO)

-ÍNDICE:

INTRODUCCIÓN.

OBXECTIVOS DA ETAPA.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA MATERIA.

CONTIDOS E DISTRIBUCIÓN TEMPORAL.

ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.

ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.

A EDUCACIÓN EN VALORES E O PLAN DE CONVIVENCIA.

METODOLOXÍA E MATERIAIS CURRICULARES.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.

PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

PROGRAMA DE SEGUIMIENTO DE PENDENTES.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.

PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN.

INTRODUCCIÓN:

A materia Latín I é obrigatoria no Bacharelato de Humanidades, poidendo optar polo mesmo tanto alumnado que tivera cursado Latín en 4º de ESO como alumnado que nunca o estudou con anterioridade (aínda que se recomenda cursalo en 4º de ESO no caso de que pretenda cursarse en 1º de Bacharelato) Por isto, compre volver a estudar os contidos correspondentes a 4º de ESO e engadir outros novos, de progresivo nivel de dificultade, de tal xeito que o alumnado acade un coñecemento aceptable da morfoloxía e sintaxe latinas, léxico latino, evolución de palabras e dos aspectos máis importantes da cultura e civilización romanas, así como certa soltura na tradución de frases e textos de certa dificultade.

OBXECTIVOS DA ETAPA:

-Asumir responsablemente os deberes, coñecer e exercer os dereitos no respecto cara ós demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos das persoas como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercizo da cidadanía democrática.

-Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para una realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

-Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles/elas.

-Rexeitar os estereotipos que suponen discriminación entre homes e mulleres.

-Fortalecer as capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas relacións cós demais e rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacíficamente os conflitos.

-Desenvolver destrezas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos e una preparación no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e comunicación.

-Concebir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

-Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en sí mesmo/as, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

-Comprender e expresar correctamente na lingua ou linguas propias textos e mensaxes complexas e afondar no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.

-Comprender e expresarse axeitadamente nunha ou máis linguas estranxeiras.

-Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.

-Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do dos demais, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar críticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e do medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

-Aprezar a creación artística e comprender a linguaxe nas distintas manifestacións artísticas, empregando diversos medios de expresión e representación.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

-Que o alumado acade un bo coñecemento da morfoloxía e sintaxe, así como da análise e tradución de frases e textos de certa dificultade.

-Que o alumnado acade un bo coñecemento do léxico latino aplicado aos distintos campos do saber, así como das regras da evolución das palabras.

-Que o alumnado acade un coñecemento tal da civilización, historia e legado cultural de Roma que lle permita ser consciente da verdadeira importancia do mundo clásico na actualidade.

CONTIDOS E DISTRIBUCIÓN TEMPORAL:

-1ª AVALIACIÓN:

I-INTRODUCCIÓN: O LATÍN.

II-A ORIXE DE ROMA.

III-A MONARQUÍA.

IV-A REPÚBLICA.

V-O IMPERIO.

VI-A HISPANIA ROMANA.

VII-ALFABETO E PRONUNCIA.

VIII-EVOLUCIÓN DE PALABRAS (I).

IX-PREFIXOS E SUFIXOS (I).

X-LATINISMOS (I).

XI-O VERBO LATINO: TEMPOS DE “INFECTUM” DE INDICATIVO EN VOZ ACTIVA.

XII-A DECLINACIÓN; OS CASOS LATINOS.

XIII-A 1ª DECLINACIÓN.

XIV-A ORDE DAS PALABRAS NA ORACIÓN.

XV-O VERBO LATINO: TEMPOS DE “PERFECTUM” DE INDICATIVO EN VOZ ACTIVA.

XVI-A 2ª DECLINACIÓN.

XVII-ADXECTIVOS 2.1.2.

XVIII-COMPLEMENTOS CIRCUNSTANCIAS DE LUGAR E TEMPO.

-2ª AVALIACIÓN:

I-OS DEUSES OLÍMPICOS.

II-A RELIXIÓN EN ROMA.

III-ÓRGANOS DE GOBERNO.

IV-OBRAS PÚBLICAS.

V-A FAMILIA.

VI-EVOLUCIÓN DE PALABRAS (II).

VII-PREFIXOS E SUFIXOS (II).

VIII-LATINISMOS (II).

IX. AS DECLINACIONS 4ª E 5ª

X-O VERBO LATINO: TEMPOS DE "INFECTUM" DE SUBXUNTIVO EN VOZ ACTIVA.

XI-OS PRONOMES PERSOALS.

XII-A 3ª DECLINACIÓN.

XIII-ADXECTIVOS DA 3ª DECLINACIÓN.

XIV-GRAOS DO ADXECTIVO.

XV-O VERBO LATINO: TEMPOS DE "PERFECTUM" DE SUBXUNTIVO EN VOZ ACTIVA.

XVI-PRONOMES DEMOSTRATIVOS.

XVIII-O PRONOME RELATIVO; ORACIONS DE RELATIVO.

-3ª AVALIACIÓN:

I-OS ESPECTÁCULOS PÚBLICOS.

II-AS ARTES PLÁSTICAS.

III-A CASA.

IV-A VIDA COTIÁ ROMANA.

V-EVOLUCIÓN DE PALABRAS (III).

VI-PREFIXOS E SUFIXOS (III).

VII-LATINISMOS (III).

VIII-PRONOMES INTERROGATIVOS.

IX-PRONOMES INDEFINIDOS.

X-OS NUMERAIS.

XI O VERBO LATINO: A VOZ PASIVA.

XII-O INFINITIVO; ORACIÓNS DE INFINITIVO.

XIII-O PARTICIPIO; CONSTRUCCIÓNS DE PARTICIPIO.

XIV-VALORES DE UT.

XV-VALORES DE CUM

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC:

Levarase a cabo mediante actividades de busca en Internet, presentacións en Power Point e proxección de fragmentos de películas e documentais.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR:

Adicaráse un tempo á lectura e traducción de textos latinos. O traballo do alumnado na clase será tido en conta para modificar ou retocar as cualificacións nas distintas avaliacións e na avaliación final.

A EDUCACIÓN EN VALORES E O PLAN DE CONVIVENCIA:

Tratarase de mellorar a convivencia escolar e polo tanto evitar conflitos. Con tal fin, compre fomentar no alumnado certos valores, sobre todo a toleranza e o respecto á diversidade, por razón de raza, sexo, relixión, ideoloxía e situación socio-económica.

Neste sentido resultarán moi útiles a lectura e traducción de textos latinos e o visionado de fragmentos de películas e documentais, xa que neles aparecen reflectidos moitos aspectos da historia e cultura clásicas e resulta moi útil a comparación con eses mesmos aspectos da cultura actual. As devanditas actividades propiciarán a reflexión e o debate e, en consecuencia, a concienciación por parte do alumnado do feito de que han de adoptar certos valores.

METODOLOXÍA E MATERIAIS CURRICULARES:

Non se empregará ningún libro de texto. Os apuntes serán subidos á Aula Virtual e descargados polo alumnado. Aqueles/as que teñan impedimentos e/ou dificultades para facelo terán á súa disposición una copia fotocopiabile.

Alternarase a exposición teórica das cuestións lingüísticas coa realización baixo supervisión de tarefas axeitadas (serán tidas en conta para a nota das avaliacións) e coa explicación de temas de cultura e civilización (proxección de presentacións fotográficas, fragmentos de películas e documentais, etc).

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|--|---------------------------|
| Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua latina (O latín, orixe das linguas romances). | Localizar nun mapa o marco xeográfico da lingua latina e a súa expansión, delimitando os seus ámbitos de influencia. | CMCCT |
| Coñecer as orixes das linguas faladas na Península Ibérica, clasificalas e localizalas (O latín, orixe das linguas romances). | Identificar as linguas que se falan na Península Ibérica, diferenciando as romances das non romances. | CSC |

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|--|--------------------|
| Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos (O latín, orixe das linguas romances). | Recoñecer e distinguir a partir do étimo latino cultismos, semicultismos e termos patrimoniais. | CCL |
| Coñecer e aplicar as regras fundamentais da evolución fonética do latín ao galego e castelán partindo dos étimos latinos (O latín, orixe das linguas romances). | Realizar evolucións de termos latinos ó galego e castelán, aplicando as regras fonéticas de evolución. | CCL |
| Distinguir as principais etapas na evolución do latín dende a súa orixe ata os nosos días (O latín, orixe das linguas romances). | Realizar un eixe cronolóxico que delimite as etapas do latín e citar os autores máis importantes de cada periodo. . Demostrar a presenza do latín no S XXI en distintos campos. | CMCCT CMCCT |
| Describir as características principais e delimitar o marco xeográfico das linguas romances no mundo (O latín, orixe das linguas romances). | Describir as características fundamentais das linguas romances faladas hoxe no mundo e delimitar nun mapa os territorios nos que se falan. | CMCCT |
| Coñecer o alfabeto latino (Sistema da lingua latina). | Explicar a orixe do alfabeto latino. | CAA |
| Explicar a orixe do alfabeto latino. | Ler con pronuncia e acentuación correctas textos latinos identificando e reproducindo exemplos de diferentes tipos de pronuncia. | CCL |

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|--------------------|
| Coñecer, identificar e distinguir os distintos formantes das palabras (Morfoloxía) | Descompoñer palabras nos seus distintos formantes, diferenciando lexemas e morfemas. | CMCCT |
| Distinguir os diferentes tipos de palabras a partir do seu enunciado (Morfoloxía). | Distinguir palabras variables e invariables explicando os trazos que permiten identificarlas. | CAA |
| Distinguir palabras variables e invariables explicando os trazos que permiten identificarlas. | Definir os conceptos de declinación e conxugación. Declinar e/ou conxugar correctamente palabras propostas segundo a súa categoría, explicando e ilustrando con exemplos as características que diferencian os conceptos de declinación e conxugación. | CAA CD |
| Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente (Morfoloxía). | Enunciar e declinar correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distinguíndoos a partir do seu enunciado e clasificándoos segundo a súa categoría e declinación. | CCAA |
| Analizar o funcionamento dos temas verbais latinos e as formas dos tempos verbais formados a partir deles, tanto en activa como en pasiva (Morfoloxía). | Explicar o uso dos temas verbais latinos, identificando as formas derivadas de cada un deles. Cambiar de voz as formas verbais identificando os formantes de este accidente verbal. | CCAA CD |

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---------------------------|
| Diferenciar entre as formas persoais e non persoais do verbo e recoñecer as categorías gramaticais presentes en cada unha delas (Morfoloxía). | Distinguir formas persoais e non persoais dos verbos explicando os trazos que permiten identificalas e definindo criterios para clasificalas. | CAA |
| Traducir ó galego e castelán as formas verbais latinas e comparar os distintos sistemas verbais (Morfoloxía). | Traduce correctamente ó galego e castelán diferentes formas verbais latinas. Comparar os diferentes tempos e modos verbais do latín cós do galego e castelán. | CCL CAA |
| Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración (Sintaxe). | Analizar morfosintácticamente frases e textos de dificultade graduada, identificando as categorías gramaticais das palabras con flexión e explicando as súas funcións na oración. | CMCCT |
| Coñecer os nomes dos casos e as funcións que realizan e traducilos axeitadamente (Sintaxe). | Enumerar os nomes dos casos explicando as función que realizan e ilustrando con exemplos a forma axeitada de traducilos. | CAA |
| Recoñecer as regras da concordancia (Sintaxe). | Recoñecer nas frases e textos as regras da concordancia. | CCL |
| Recoñecer e clasificar os tipos de oracións (Sintaxe). | Comparar e clasificar distintos tipos de oracións identificandoe explicando as súas características. | CMCCT CAA |
| Coñecer as funcións das formas non persoais e traducir correctamente as súas construcións (Sintaxe): | Identificar as distintas funcións das formas non persoais dentro da oración, comparando distintos exemplos do seu uso. | CAA |

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|--|--|--|
| <p>Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma, encadralos no seu periodo correspondente e realizar eixes cronolóxicos (Roma: historia, cultura, arte e civilización).</p> | <p>Describir o marco histórico no que xorde e se desenvolve a civilización romana sinalando distintos periodos dentro do mesmo e identificando as conexións con outras civilizacións.</p> <p>Distinguir as diferentes etapas da historia de Roma explicando os seus trazos esenciais.</p> <p>Saber enmarcar determinados feitos históricos na civilización e periodo histórico correspondente.</p> <p>Poder elaborar eixes cronolóxicos con fitos relevantes, consultando diferentes fontes de información.</p> <p>Describir os principais fitos históricos e os aspectos máis significativos da civilización latina e analizar a súa influencia no devir histórico posterior.</p> | <p>CCEC</p> <p>CSC</p> <p>CAA</p> <p>CD</p> <p>CSC</p> |
| <p>Coñecer os feitos históricos da romanización (Roma: historia, cultura, arte e civilización).</p> | <p>Explicar a romanización de Hispania e Gallaecia describindo as súas causas e delimitando as súas distintas fases.</p> | <p>CSC</p> |
| <p>Recoñecer as pegadas da romanización nos xacementos arqueolóxicos e museos (Roma: historia, cultura, arte e civilización).</p> | <p>Identificar e sinalar nun mapa os restos arqueolóxicos máis salientables da civilización romana.</p> | <p>CAA</p> |

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|--|---|---------------------------|
| Coñecer a organización socio-política de Roma e recoñecer a súa pervivencia actual (Roma: historia, cultura, arte e civilización). | Describir as formas que caracterizan as formas de organización do sistema político romano. | CSIEE |
| Coñecer os aspectos principais da vida cotiá en Roma (Roma: historia, cultura, arte e civilización). | Comparar aspectos da vida cotiá en Roma con eses mesmos aspectos na actualidade. | CSC |
| Coñecer os principais deuses, e heroes da mitoloxía grecolatina (Roma: historia, cultura, arte e civilización). | Identificar os principais deuses, e heroes da mitoloxía grecolatina, indicando as súas características. | CCEC |
| Coñecer e comparar as características da relixiosidade e relixión latinas coas actuais (Roma: historia, cultura, arte e civilización). | Distinguir a relixión oficial dos cultos privados. | CSC |
| Coñecer as principais manifestacións artísticas romanas (Roma: historia, arte, cultura e civilización). | Describir as características das principais manifestacións artísticas romanas. | CD/CCEC |
| Comparar as estruturas latinas coas das linguas propias (Textos). | Utilizar mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global. | CAA |
| Utilizar de forma correcta manuais e iniciarse no uso do dicionario (Textos). | Utilizar correctamente o dicionario para localizar o significado de palabras que entrañen dificultade. | CAA |

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|--|--|---------------------------|
| Realizar a través dunha lectura comprensiva análise e comentario do contido e estrutura de textos orixinais, adaptados ou traducidos (Textos). | Realizar comentarios sobre os trazos principais dos textos seleccionados. | CSC |
| Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia (Léxico). | Deducir o significado de termos latinos non estudados a partir do contexto ou palabras da lingua propia. | CAA |
| Coñecer os principais prefixos, sufixos e latinismos (Léxico). | Identificar e explicar o significado dos principais prefixos, sufixos e latinismos. | CMCCT/CLC |
| Coñecer as principais regras da evolución das palabras latinas ás linguas propias (Léxico). | Aplicar as regras básicas para explicar a evolución de palabras latinas ás das linguas propias. | CAA |

O procedemento fundamental será a realización de dous exames por trimestre, que incluírán cuestións de morfoloxía (4 puntos), léxico (1 punto), evolución de palabras (1 punto), análise e tradución (3 puntos) e sobre cultura e civilización (1 punto). A nota final será a media aritmética dos devanditos exames, pero non se fará media con menos de 3 puntos, sendo ademáis obrigatorio aprobar o último exame de cada avaliación e obter na media una cualificación igual ou superior a 5 puntos. O alumnado suspenso terá dereito a unha recuperación, pero non obterá, en ningún caso, máis de 5. Á devandita recuperación poderá presentarse tamén o alumnado que desexe subir nota (máximo 1 punto).

Ó alumnado que non realice as tarefas encomendadas na clase lle serán deducidos da nota da Avaliación correspondente 0,5 puntos por cada 3 veces que non as faga.

A nota final será a media aritmética das tres avaliacións. Para acadar o aprobado final, a devandita media deberá ser igual ou superior a 5 e hai que aprobar polo menos dúas avaliacións, sendo obrigatorio o aprobado na última. Compre advertir que tanto a devandita nota final como a de cada avaliación poderá verse suxeita a retoques ou modificacións atendendo á actitude e esforzo amosados polo alumnado. O alumnado que non acade o aprobado terá dereito a unha repesca final na que non se obterá unha cualificación superior a 5. Á devandita repesca poderá presentarse tamén o alumnado que desexe subir nota (máximo 1 punto).

O exame de Setembro responderá ó mesmo modelo dos outros e versará sobre a totalidade da materia impartida durante o curso. A nota poderá oscilar entre 1 e 10.

O alumnado que sexa sorprendido copiando ou tratando de facelo quedará suspenso. Asímesmo, non se realizarán exames fora de data sen xustificación médica.

MÍNIMOS ESIXIBLES:

-As 5 declinacións.

-Declinación dos pronomes.

-Declinación dos adxectivos.

-Graos do adxectivo.

-Conxugación completa en activa e pasiva das conxugacións regulares.

-Conxugación completa de SUM.

-Construcións de infinitivo e participio.

-Oracións simples.

-Oracións coordinadas.

-Oracións subordinadas adxectivas de relativo.

-Análise e tradución de frases e textos de certa dificultade.

-Prefixos, sufixos e latinismos.

-Principais regras da evolución de palabras.

-Etapas da historia de Roma.

-A Hispania romana.

-Os órganos de goberno.

-A vida cotiá.

-Mitoloxía e relixión.

PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL (cf “Latín 4º de ESO).

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (cf “Cultura Clásica” e “Latín 4º de ESO).

PROGRAMA DE SEGUIMIENTO DE PENDENTES:

Non hai alumnado con Latín de 4º de ESO pendente.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS (cf “Cultura Clásica” e “Latín 4º de ESO).

PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN (cf “Cultura Clásica” e “Latín 4º de ESO”).

LATÍN II (2º DE BACHARELATO)

-ÍNDICE:

INTRODUCCIÓN.

OBXECTIVOS DA ETAPA.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA MATERIA.

CONTIDOS E DISTRIBUCIÓN TEMPORAL.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.

A EDUCACIÓN EN VALORES E O PLAN DE CONVIVENCIA.

METODOLOXÍA E MATERIAIS CURRICULARES.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.

PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

PROGRAMA DE SEGUIMIENTO DE PENDENTES.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.

PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN.

INTRODUCCIÓN:

A materia Latín II é obrigatoria en 2º de Bacharelato de Humanidades, obrigatoria na ABAU e supón a continuación de Latín I, cursado en 1º. Neste curso, compre repasar os contidos estudados no curso anterior e engadir outros novos de progresivo nivel de dificultade, de xeito que o alumnado acade un bo coñecemento da morfoloxía e sintaxe latinas, léxico e regras da evolución de palabras, dos principais xéneros literarios latinos e unha destreza na traducción de textos con dicionario, que lles permita enfrentarse con éxito ás probas ABAU.

OBXECTIVOS DA ETAPA (cf “Latín I”).

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Que o alumnado adquira un bo dominio da morfosintaxe latina.
- Que o alumnado adquira una destreza na traducción de textos con dicionario.
- Que o alumnado acade un bo coñecemento do léxico latino aplicado aos distintos campos do saber, así como das regras da evolución de palabras.
- Que o alumnado acade un bo coñecemento dos principais xéneros literarios e autores latinos.

CONTIDOS E DISTRIBUCIÓN TEMPORAL:

-1ª AVALIACIÓN:

-LITERATURA:

-O TEATRO (PLAUTO).

-A HISTORIOGRAFÍA (TITO LIVIO).

-LÉXICO (latinismos, helenismos, formantes, composición e derivación).

- TOPÓNIMOS (I).

-MORFOLOXÍA:

-REPASO DE CONTIDOS DO CURSO ANTERIOR (declinacións 1ª e 2ª, adxectivos 2. 1. 2, pronomes persoais e posesivos e conxugación do tema de *infectum* en voz activa de *AMO*, *MONEO*, *LEGO*, *AUDIO*, *CAPIO* e tema de *infectum* de *SUM*).

-PARTICULARIDADES DAS DECLINACIÓNS 1ª E 2ª.

-CONXUGACIÓN DE *POSSUM* E *PROSUM*.

-VERBOS DEFECTIVOS E IMPERSOAIS.

-INFINITIVOS.

-PARTICIPIOS.

-SINTAXE:

-O NOMINATIVO.

-O VOCATIVO.

-A CONCORDANCIA SUXEITO-PREDICADO E ATRIBUTO-SUXEITO.

-PROPOSICIÓN COORDINADAS E XUSTAPOSTAS.

-CONSTRUCCIÓN DE PARTICIPIO.

-CONSTRUCCIÓN DE INFINITIVO.

-PROPOSICIÓN SUBORDINADAS SUBSTANTIVAS OU COMPLETIVAS (introducidas por *UT/NE*, *QUIN*, *QUOMINUS*, *QUOD*).

-PROPOSICIÓN INTERROGATIVAS.

-TRADUCCIÓN DE TEXTOS (EUTROPIO E FEDRO).

-2ª AVALIACIÓN:

-LITERATURA:

-A ORATORIA (CICERÓN)

-A ÉPICA (VIRXILIO).

-LÉXICO (latinismos, helenismos, formantes, composición e derivación).

-TOPÓNIMOS (II).

-MORFOLOXÍA:

-REPASO DE CONTIDOS DO CURSO ANTERIOR (3ª declinación, adxectivos da 3ª declinación, pronomes relativos, os numerais, conxugación do tema de *perfectum* en voz activa de *AMO, MONEO, LEGO, AUDIO* e *CAPIO* e do tema de *perfectum* de *SUM*).

-PARTICULARIDADES DA 3ª DECLINACIÓN.

-CONXUGACIÓN DE *VOLO, NOLO* E *MALO*.

-O IMPERATIVO.

-VERBOS DEPOÑENTES, SEMIDEPONENTES E DEPOÑENTES PASIVOS.

-XERUNDIO, XERUNDIVO E SUPINO.

-A CONXUGACIÓN PERIFRÁSTICA ACTIVA.

-SINTAXE:

-O ACUSATIVO.

-O XENITIVO.

-PROPOSICIÓN SUBORDINADAS ADXECTIVAS DE RELATIVO.

-PROPOSICIÓN ADVERBIAIS FINAIS.

-PROPOSICIÓN ADVERBIAIS CONSECUTIVAS.

-PROPOSICIÓN ADVERBIAIS TEMPORAIS.

-TRADUCCIÓN DE TEXTOS (EUTROPIO E FEDRO).

-3ª AVALIACIÓN:

-LITERATURA:

-A LÍRICA (HORACIO).

-LÉXICO (latinismos, helenismos, formantes, composición e derivación).

-TOPÓNIMOS (III).

-MORFOLOXÍA:

-REPASO DE CONTIDOS DO CURSO ANTERIOR (3ª declinación, graos do adxectivo, pronomes demostrativos, voz pasiva de *AMO, MONEO, LEGO, AUDIO* e *CAPIO*).

-PARTICULARIDADES DA 3ª DECLINACIÓN.

-A CONXUGACIÓN PERIFRÁSTICA PASIVA.

-SINTAXE:

-O DATIVO.

-O ABLATIVO.

-PROPOSICIÓN SUBORDINADAS ADVERBIAIS CONDICIONAIS.

-PROPOSICIÓN SUBORDINADAS ADVERBIAIS CONCESIVAS.

-PROPOSICIÓN SUBORDINADAS ADVERBIAIS COMPARATIVAS.

-A ATRACCIÓN MODAL.

-O ESTILO INDIRECTO.

-TRADUCCIÓN DE TEXTOS (EUTROPIO E FEDRO).

A EDUCACIÓN EN VALORES E O PLAN DE CONVIVENCIA (cf “Latín I”).

METODOLOXÍA E MATERIAIS CURRICULARES:

Non se empregará libro de texto. Os apuntes e textos serán subidos á Aula Virtual e descargados polo alumnado .Aqueles/as que teñan dificultades para facelo terán á súa disposición una copia fotocopiable.

Durante este curso será obrigatorio o uso dun diccionario escolar, polo que o alumnado deberá facerse con un.

Alternarase a explicación teórica coa realización baixo supervisión de exercicios de tradución de textos (que serán tidos en conta para as cualificacións) e coa explicación dos temas de léxico e literatura latina e a lectura de textos traducidos dos aautores estudados.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:

| Crterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---------------------------|
| Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos (O latín, orixe das linguas romances). | Recoñecer e distinguir a partir do étimo latino termos patrimoniais, cultismos e semicultismos, explicando a evolución. | CCL |
| Coñecer e aplicar as regrasda evolución fonética do latín ao galego e castelán partindo dos étimos latinos (O latín, orixe das linguas romances). | Realizar evolucións de termos latinos ao galego e castelánaplicando as regras fonéticas de evolución. Explicar o proceso devolución dos termos latinos ás linguas romances sinalando cambios fonéticos comúns. | CCL CD |
| Analizar morfolóxicamente palabras nun texto (Morfoloxía) | Analizar morfolóxicamente palabras nun texto, identificando os seus formantes e sinalando o seu significado. | CMCCT |

| Crterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|--|---|---------------------------|
| Identificar, declinar e traducir todas as formas nominais e pronominais (Morfoloxía). | Identificar con seguridade e con axudado dicionario todo tipo de formas nominais e pronominais. Aplicar os coñecementos de morfoloxía nominal e pronominal para realizar traducións con axuda do dicionario. | CD CCL |
| Identificar, conxugar e traducir todas as formas verbais (Morfoloxía). | Identificar con seguridade e con axuda do dicionario todo tipo de formas verbais. Aplicar os coñecementos de morfoloxía verbal para realizar traducións con axuda do dicionario. | CD CCL |
| Coñecer e aplicar os coñecementos de sintaxe nominal e pronominal para a traducción de textos latinos (Sintaxe). | Utilizar axeitadamente a análise da sintaxe nominal e pronominal de un texto para efectuar correctamente a traducción. | CCL |
| Recoñecer e clasificar as oracións e as construcións sintácticas latinas (Sintaxe) | Recoñecer, distinguir e clasificar os tipos de oracións e construcións sintácticas latinas, relacionandoas con construción análogas nas linguas coñecidas. | CCL |
| Aplicar coñecementos de sintaxe na traducción de textos (Sintaxe) | Identificar na análise de frases e textos elementos sintácticos latinos para traducilos. | CCL |

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|--|---------------------------|
| Definir e comprender os conceptos de oración composta, coordinación e subordinación (Sintaxe). | Definir e comprender os conceptos de oración composta, coordinación e subordinación sinalando exemplos nos textos. | CAA |
| Recoñecer os diferentes tipos de oracións coordinadas e subordinadas (Sintaxe). | Recoñecer nos textos diferentes tipos de oracións compostas, así como os nexos que as caracterizan. | CAA |
| Coñecer as funcións das formas non persoais do verbo (Sintaxe). | Identificar formas non persoais do verbo en frases e textos, traducíndoas e explicando as funcións que desempeñan. | CCL |
| Enumerar os principais factores de transmisión da literatura latina describindo os soportes da escritura na Antigüidade e a súa evolución (Literatura). | Nomear os aspectos máis salientables referentes á transmisión dos textos clásicos ao longo do tempo. | CCEC |
| Coñecer as características dos xéneros literarios latinos, os seus autores e obras e a influencia posterior (Literatura). | Describir as características esenciais dos xéneros literarios latinos e identificar a súa presenza nos textos. | CAA |
| Coñecer os fitos esenciais da literatura latina como base da literatura europea (Literatura). | Realizar eixes cronolóxicos situando neles autores e obras. | CMCCT |

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|--|--|---------------------------|
| Analizar, interpretar e situar no tempo textos mediante lectura comprensiva, distinguindo xénero, época, características e estrutura (Literatura). | Realizar comentarios de textos latinos situándoos no tempo, explicando a súa estrutura e características esenciais, identificando o xénero ao que pertencen. | CCL |
| Establecer relación e paralelismos entre a literatura clásica e a posterior (Literatura). | Analizar o distinto uso que se fixo dos textos latinos, analizando a pervivencia dos xéneros e temas da literatura latina mediante exemplos na literatura contemporánea. | CSC |
| Traducir e interpretar textos latinos orixinais (Textos). | Analizar morfosintácticamente de xeito adecuado os textos para efectuar correctamente a traducción. | CCL |
| Utilizar o dicionario e buscar o termo máis apropiado (Textos). | Utilizar con seguridade e autonomía o dicionario para traducción de textos, identificando en cada caso o termo máis apropiado. | CD |
| Analizar e valorar correctamente a información gramatical incluída nos manuais e no dicionario (Textos). | Analizar e valorar correctamente a información gramatical incluída nos manuais e no dicionario para traducir correctamente un texto. | CD |
| Coñecer, identificar e traducir termos latinos do léxico literario, científico e filosófico (Léxico) | Identificar e explicar termos do léxico literario, científico e filosófico, traducindoos correctamente. | CCL |

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|--|---------------------------|
| Recoñecer os elementos léxicos latinos presentes nas linguas dos/as estudantes (Léxico). | Deducir o significado de palabras e expresións latinas non estudadas a partir do contexto ou de palabras ou expresións coñecidas. Identificar a etimoloxía e coñecer o significado de palabras do léxico común e especializado. | CAA CD |
| Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado (Léxico). | Comprender e explicar de xeito correcto o significado de locucións e expresións latinas que perviviron na lingua falada ou especializada e saber empregalas de forma axeitada. | CMCCT |
| Recoñecer a presenza de latinismos e helenismos e deducir o seu significado (Léxico) | Recoñecer e explicar o significado dos helenismos e latinismos máis frecuentes. | CCL |

O procedemento principal será a realización dun único exame ao final de cada avaliación, que será, tanto no formato, como no tempo asignado á súa realización, igual ao da ABAU. Incluirán un texto para traducir con diccionario (6 puntos), o análise morfolóxico e sintáctico dun fragmento suliñado (1 punto), unha cuestión de literatura latina a ecoller entre dúas (1, 5 puntos) e dúas cuestións sobre léxico e orixe das linguas romances a escoller entre tres (1, 5 puntos). O alumnado que non acade o aprobado (5 puntos ou máis), terá dereito a unha recuperación á que poderá presentarse tamén o alumnado que desexe mellorar a súa cualificación. Na última avaliación haberá un exame global ao que deberá concorrer todo o alumnado.

Ao alumnado que non realice as tarefas encomendadas na clase lle serán dedicados 0,5 puntos da nota da avaliación correspondente por cada tres veces que non as faga.

A nota final será a media aritmética das tres avaliacións, sendo obrigatorio ter acadado o aprobado polo menos en dúas, sendo unha delas a última.

O exame de Setembro responderá ao mesmo modelo dos outros. As cualificacións poderán oscilar entre 1 e 10.

O alumnado que sexa sorprendido copiando ou tratando de facelo quedará automaticamente suspenso. Asímesmo, non se realizarán exames fora de data sen xustificación médica.

MÍNIMOS ESIXIBLES:

Literatura:

-A épica (Virxilio).

-A historiografía (Tito Livio).

-O teatro (Plauto).

-A oratoria (Cicerón).

-A lírica (Horacio).

Morfoloxía:

-Contidos estudados en 1º.

-Particularidades das declinacións.

-Conxugación de POSSUM, PROSUM, NOLO, VOLO, MALO, EO, FIO e FERRO.

-Infinitivos e participios.

-Xerundio, xerundivo e supino.

-Conxugación perifrástica activa e pasiva.

Sintaxe:

-Proposicións coordinadas.

-Proposicións subordinadas (de relativo, completivas de infinitivo, introducidas por UT/NE e interrogativas indirectas, o CUM histórico, subordinadas averbiais finais consecutivas e concesivas).

-Regras da evolución fonética.

-Léxico: principais lexemas, helenismos e latinismos.

-Textos: traducción de textos de dificultade moderada (Eutropio e Fedro).

PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL:

Realizarase una pequena proba baseada nos contidos estudados no curso anterior, que incluírá exercicios de declinación, conxugación e análise e traducción de frases o dun pequeno texto.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (cf “Cultura Clásica”, “Latín 4º de ESO” e “Latín 1º”).

PROGRAMA DE SEGUIMIENTO DE PENDENTES:

Para o curso 2018-2019 hai alumnado matriculado en Latín II que non cursou Latín I. Levaráse a cabo un repaso aos contidos do curso anterior e o devandito alumnado deberá realizar exames periódicos dos devanditos contidos para aprobar Latín I.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS (cf “Cultura Clásica”, “Latín 4º de ESO” e “Latín I”).

PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN (cf “Cultura Clásica”, “Latín 4º de ESO” e “Latín I”).

Hai acordo entre os/as integrantes do Departamento e así consta en acta.

Culleredo, Setembro de 2018.

Mª del Pilar Regueira Sánchez. (XD).

Miguel Ángel Fernández García.